

## MATRONA, A CATEGORÍA OLVIDADA NA ATENCIÓN PRIMARIA

### Esiximos a inmediata negociación do réxime xurídico e do sistema retributivo de Matronas de Atención Primaria.

No ano 1993 publicouse o Decreto, do 29 de xullo, de Ordenación da Atención primaria en Galiza, que regula as retribucións de todo o persoal de Atención Primaria, **EXCEPTO as Matronas**. Recolle na disposición transitoria cuarta que “O consello da Xunta de Galiza regulará o réxime xurídico e retributivo das prazas de enfermeira obstétrico-xinecolóxicas”.

**26 ANOS DESPOIS** a Consellaría de Sanidade non tivo tempo de presentar ningunha proposta de réxime xurídico e retributivo para este colectivo.

#### Por que será?

Será por que todo o relacionado coa saúde da muller ocupa un papel secundario?

### QUE CONLEVA ESTA SITUACIÓN?

Un sistema retributivo baseado nun **mapa sanitario do ano 1989** que non recolle a poboación actual dos concellos.

Un sistema retributivo que condena ás matronas a **perdas retributivas** de mais de 100€ mensuais cando cambian de concello, aínda que teñan mais tarxetas sanitarias.

Un sistema retributivo que **non reconece os conceptos que se pagan a outros colectivos**: número de tarxetas sanitarias, dispersión, illamento... A prestación de servizo en diferentes concellos con importante distancia entre si.

Un sistema retributivo inxusto, que **non reconece a carteira de servizo actual** que realizan, é dicir as prestacións sanitarias que prestan.

Unha **disfuncionalidade entre a prestación de servizo e as retribucións**, xa que a poboación dos concellos mudou moito dende o ano 1989, e que se agrava ao non ter desenvolvido o pago de TIS.

Que **non teñen un ratio** de mulleres a atender por Matrona.

### Pero ADEMAIS

**As necesidades de material das consultas de Matronas quedaron fóra do plano de dotación que se está a facer na Atención Primaria.**

Algunhas das **padiolas de exploracións** son tan **arcaicas** que parecen de museo, e dificultan enormemente o traballo a realizar nas exploracións ás mulleres.

Lamentamos que dos 8 millóns de euros que a Consellaría de Sanidade di que está a destinar á dotación de material, **ninguén se lembrase** de recoller as **peticións das matronas**.

**A CONSELLARÍA DE SANIDADE ten obriga de rematar con estes 26 anos de penalización.**

